

REGULAMENTO PARA A IIª XCE MONTE CENTRAL E-BIKES

- **Lugar da proba:**

Monte Central Illa de A Toxa

- **Percorrido:**

Circuito de aproximadamente 2,5km
Contrarreloxo i eliminatorias: 1 volta
Final A e Final B: 2 voltas.

- **Control de tempos:**

Contaremos co servizo de unha empresa de cronometraxe profesional.

- **Nº Participantes:**

Limitada a 180 participantes.

- **Tipo de carreira:**

Este é un formato de carreira MTB no que os participantes teñen que ir superando unha serie de roldas clasificatorias i eliminatorias co obxectivo de acadar unha das dúas finais, Final A ou Final B.

Primeiro farase unha contrarreloxo individual onde toman a saída todos os participantes.

Unha vez rematada esta, os 90 primeiros pasan a loitar por acadar a Final A e os 90 seguintes pola Final B por medio de rondas eliminatorias.

En cada eliminatoria toman a saída 6 participantes dos cais os 4 primeiros clasifícanse para a seguinte ronda e os 2 últimos quedan eliminados. E así ata que queden un total de 8 que serán os que loiten polos primeiros postos en cada unha das finais A e B.

- **Categorías:**

Absoluta feminina (Trofeo). Decidiranse os tres primeiros postos na contrarreloxo inicial polos tempos acadados na mesma. Independentemente desta clasificación, seguirán participando na carreira con opción a loitar polas finais A ou B en igualdade de condicións que o resto de participantes.

Absoluta local (Trofeo). Decidiranse os tres primeiros postos na contrarreloxo inicial polos tempos acadados na mesma. Independentemente desta clasificación, seguirán participando na carreira con opción a loitar polas finais A ou B en igualdade de condicións que o resto de participantes.

Final A (Trofeo+premio económico)

Final B (Trofeo)

- **Inscricións:**

Contaremos cunha páxina web habilitada e os dorsais recóllense de 8:15 a 8:45 do mesmo día.

- **Prezo:**

O importe da inscrición é de 10€.

- **Participante:**

É obrigatorio uso de casco homologado.

Todo participante coa súa inscrición comprométese a respetar o regulamento da carreira así como a respetar ós demais corredores.

Cada participante coa súa inscrición asume toda responsabilidade dos danos que poida sufrir así como os que lle poida causar a terceiros quedando exento de toda responsabilidade tanto a organización como patrocinadores e colaboradores.

A organización non se responsabiliza de danos personais ou materiais no transcurso da carreira.

Todo participante, coa súa inscrición, autoriza á organización a usar as fotografías sacadas no transcurso do evento para calquer tipo de uso relacionado co mesmo, cartelería, redes sociais, vídeos...